


Nestas novenas xornadas interxeracionais rurais pretendemos seguir constituíndo un espazo de reflexión e debate para as persoas maiores deste municipio. Trátase dunhas xornadas que van dirixidas fundamentalmente ós nosos maiores e nas que queremos ofrecerlles charlas, presentación de ofertas de programas, visitas e festas culturais.

Pero tamén se trata dunhas xornadas interxeracionais pensadas para que xoves e maiores poidan desenvolver un traballo conxunto, xa que un dos grandes desexos e legados dos nosos maiores é que sexan escoitados e podernos transmitir todo o que aprenderon durante a súa vida. Para eso estamos ante unhas xornadas abertas nas que queremos contar cos máis novos. Así mesmo, pretendemos ofrecer actividades ós maiores que lles permitan seguir aprendendo cousas que poidan resultarlles útiles e interesantes.

A Actividade está recoñecida con un crédito de libre configuración para todas as titulacións da Universidade de Santiago.




IX XORNADAS INTERXERACIONAIS RURAIS

"APRENDENDO COS NOSOS MAIORES"

Cabreiros, 25 de Maio, 1 e 8 de Xuño de 2013

Concello de Xermade



ORGANIZAN:



COLABORAN



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



INSTITUTO
DE ESTUDIOS
DE GALICIA



Asociación M.V.M.C. de Carballo (Friol)

DIA 25 DE MAIO

10:00 - 10:30

Acto de apertura e recepción dos veciños de "Couzadoiro"

Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Xermade, Deputación Provincial de Lugo, Universidade de Santiago, Asociación de Veciños de Cabreiros.

10:30

Conferencia inaugural.

Da soidade á Comunidade.

Marcial Mouzo (Radio Televisión de Galicia)

A memoria como fermento: o caso do fútbol local.

Héctor Pose (Universidade da Coruña).

12:00

A voz dos veciños/as de "Couzadoiro".

Presentación da Asociación de Veciños e Veciñas de Couzadoiro.

12:30

A ollada de Cristian

Cómic e rural: estado da cuestión dende a ollada dun rapaz.

13:30

Xantar

16:00 - 20:00

VIII Xornadas Chairegas do Xogo Popular e Tradicional (Porca, Pita Cega, Billarda, Bolos, Peonza, A Chave, Brilé...)

II Campionato Chairego do lanzamento do Goxo, (haberá premios para o gañador e gañadora).

I Campionato Chairego de Recollida de Piñas, (haberá premios para o gañador e gañadora).

Durante a tarde haberá diferentes campiónatos de xogos que se anunciarán durante a mañá.

Durante as xornadas terá lugar un obradoiro sobre "Xoguetes Tradicionais" coordinado por Manuel García. Faremos xoguetes coas nosas propias mans.

DIA 1 DE XUÑO

10:30 - 11:30

Conferencia:

O Catarro e a Gripe. Prevención, tratamento e falsos mitos.

María Jesús Castro Abella (Médico de Familia do PAC de Vilalba)

12:00 - 13:30

Conferencia:

Axudas e Recursos para a cidadanía.

Nuria Lagüela Felpeto (Traballadora Social do Concello de Xermade).

14:15

Xantar

16:30 - 17:30

Presentación do Libro:

Lousada. Un berce de lecer, José Mourinho Cuba.

18:00

Conversa con...

Xosé Lois Seixo Fernández (Membro do Grupo PIRILAMPO e autor do CD, Cancións para Antía.

¿Por qué un CD para a súa neta?

18:45

Actuación musical do Grupo PIRILAMPO. (especialmente dirixida aos nenos/as da casa), (recomendamos encarecidamente que veñan acompañados de seus pais/nais e avós/avoadas).

DIA 8 DE XUÑO

"As landras. Un patrimonio material e inmaterial".

10:00 - 11:45

Como e cando se comeron as landras?

María Martín Seijo e Andrés Teira Brión

Os coidados dos carballos

Fernán López Alvarez

O pan de landras

Estevo Amado Rodríguez

12:00

Obradorio

Como facer unha receita con landras.

13:30 - 15:30

Xantar

16:30 - 18:30

Presentación da "I Invernada de Cine".

Exposición e Conferencia Galegos en Mauthausen

Enrique Barrera Pita (Historiador)

Manuel Agustín Fernández Pita

Membros da asociación Memoria Histórica Democrática

Proxección do documental Galegos en Mauthausen de Xosé Abad (duración 15 minutos)